

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: LUZ E SON SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta apertura documentación administrativa

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO ALUGUER DOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN PARA A REALIZACION DOS CONCERTOS DO SAN FROILÁN 2012 E PARA OS ACTOS DA LECTURA DO PREGÓN, DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO E A OFRENDA A ROSALÍA DE CASTRO.

Sendo as 13 horas do día 23 de agosto de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua don Antón Bao Abelleira e actuando como vocais dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista, don Angel Trabada Gómez en representación do Grupo municipal do PP, don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello, dona Matilde García Losada, xefa da sección de cultura e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Sr. Srecetario a dar lectura ó informe do negociado de rexistro de data do 20 de agosto no que se pon de manifesto que á referida contratación non se presentaron novas ofertas, polo que se acorda proceder a apertura das plicas xa presentadas no anterior prazo segundo consta na acta da mesa de contratación celebrada o día 30 de xullo de 2012:

Procédese a conticuación dos sobres A de documentación administrativa, co seguinte resultado:

- PROCUCCIONES EMSAC, S.L : examinada a documentación considerase correcta
- LUZSONGA S.L: examinada a documentación considérase correcta.

De seguido procédese a continuación á apertura da proposición económica e técnica (sobre B), co seguinte resultado:

- PROCUCCIONES EMSAC, S.L:
 - * Prezo: 49.560 €, IVE incluído (18%)
 - * Presenta documentación complementaria con distintos proxectos técnicos na que se inclúen proposta de melloras
- LUZSONGA, S.L.:
 - * Prezo: 60.180 €, IVE incluído (18%), se incluen melloras
 - * aporta dossier documentación complementaria

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: LUZ E SON SAN FROILÁN 2012

Asunto: acta apertura documentación administrativa

A vista do cal os membros da mesa proceden a valorar as ofertas económicas co seguinte resultado :

	PRODUCCIONES EMSAC, S.L	LUZSONGA, S.L
PREZO	10	8,24

A vista da puntuación conseguida por cada una das empresas, os integrantes da mesa acordan solicitar un informe técnico da sección de cultura do Concello en relación á valoración económica das melloras ofertadas polas empresas participantes, con carácter previo á adxudicación do contrato.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo: Antón Bao Abelleira

Asdo: Manuel Louzao Aldariz